

RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS AO PROCEDIMENTO DE ADQUISICIÓN DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA (VPP) EN SEGUNDAS OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS NOS CONCELLOS DE BÓVEDA,, LUGO, MONFORTE DE LEMOS, SARRIA E VIVEIRO

En data 9 de marzo de 2016 a xefatura territorial adoptou resolucións para iniciar os procedementos de selección de adquirentes en segundas ou posteriores transmisións de vivendas protexidas de promoción pública (VPP) para as vivendas LU00502:10, LU01502:9, LU92505:31, LU91502:35, LU94502:6, LU92504:13 e LU83020:21.

Transcorrido o prazo sinalado en dita resolución para que os interesados amosasen interés en participar no procedemento, resultou o seguinte:

Non se presentaron interesados para as vivendas dos concellos de Bóveda LU00502:10, Lugo LU01502:9, LU92505:31, Monforte de Lemos LU91502:35, Sarria LU94502:6 e Viveiro LU83020:21.

Para a vivenda LU92504:13 , de Viveiro presentouse unha interesada que cumpre os requisitos establecidos no Decreto 253/2007, do 13 de decembro que regula o réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo IGVS e no Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma.

En consecuencia,

RESOLVO

1º Declarar deserto o procedemento de adquisición, en segundas ou posteriores transmisións, das vivendas, LU00502:10, LU01502:9, LU92505:31, LU91502:35, LU94502:6 e LU83020:21.

2º. Designar directamente adquirente a Cristina Rodríguez Pardo, credencial 66650, da vivenda LU92504:13, no concello de Viveiro

2º. Ordenar a publicación desta resolución na páxina web do IGVS.

Contra esta resolución que non esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Infraestruturas e Vivenda, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de conformidade co artigo 114 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Lugo, 5 de abril de 2016

O xefe territorial da Consellería de Infraestruturas e Vivenda

Carlos Vila Pérez